

ABC LUNES 22\_6\_2009



O escritor e ensaísta Fernández Paz, no municipio lucense

## Os escritores rendíronlle unha homenaxe a Agustín Fernández Paz onte en Vilalba

A homenaxe «O escritor na súa terra», impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), recaeu este ano —na súa decimoquinta edición e por decisión unánime da súa asemblea de socios— no autor Agustín Fernández Paz, merecidamente agasallado na terra que o viu nacer, a lucense Vilalba. Ás doce do mediodía foi cando se prantou unha árbore no parque que porta o seu nome, e logo celebrouse un almorzo no prador. O que recibe ás honras, desta volta, ten un extenso currículo como narrador, ensaísta, profesor, pedagogo, sociolingüista, educador e especialista en animación á lectura e literatura.